


O MEU MUNDO  
A N D A V Í A  
S O P A D E L I B R O S  
BIBLIOTECA DRAMÁTICA GALEGA  
AS AVENTURAS DE NUNAVUT  
A M A N C I O A M I G O

# Catálogo

## 2009/2010

 XERAIS



O M E U M U N D O  
A N D A V Í A  
S O P A D E L I B R O S  
BIBLIOTECA DRAMÁTICA GALEGA  
AS AVENTURAS DE NUNAVUT  
A M A N C I O A M I G O

---

As ilustracións utilizadas neste catálogo son da autoría de Patricia Castelao, e pertencen ó libro *Lúa do Senegal*, editado por Xerais nesta colección Sopa de Libros.

O profesorado ten á súa disposición  
Fichas de Lectura  
dos libros sinalados co símbolo



Depósito Legal: VG 879-2009  
Impreso en Obradoiro Gráfico  
Polígono do Rebullón, 52 D 36313 - Mos (Pontevedra)

O MEU MUNDO  
A N D A V Í A  
S O P A D E L I B R O S  
B I B L I O T E C A D R A M Á T I C A G A L E G A  
A S A V E N T U R A S D E N U N A V U T  
A M A N C I O A M I G O

 XERAIS

# Catálogo

## 2009/2010



O meu  
mundo



## Colección «O meu mundo»

Varios Autores

6

A nova colección «O meu mundo» consta de doce títulos de autores e ilustradores de recoñecido prestixio.

Doce libros dirixidos a lectores de 5 anos en diante, con letra manuscrita e con extensión progresiva.

Ao final de cada conto trabállase un tema e o seus contidos.

Os libros teñen un elemento «búscame en todas as páxinas»: en cada título hai un mesmo personaxe ou obxecto agochado nas ilustracións a modo de xogo.



1351401



## O meu cole

Jordi Sierra i Fabra

Ilustr.: Elena Ordiozola

1ª edición, 24 páxs, rústica

7

¡As oito da mañá! Despois de lavarme e almorzar, vou ao cole. Cada día fago amigos e aprendo moitas cousas.



1351402



## ¡Upa!

Agustín Fernández Paz

Ilustr.: Noemí Villamuza

1ª edición, 24 páxs, rústica

Pola rúa atopamos charcos de auga e un can enorme que me espanta. O meu pai levántame e dime: «¡Upa!».



1351403



ISBN 978-84-9782-795-9

9 788497 162795 9

## Katuscas amarelas

Xabier Mendiguren

Ilustr.: Mariana Cabassa

1ª edición, 24 páxs, rústica

8

Hai tempo que non chove e non podo estrear as botas de auga amarelas. Todos os días miro o ceo: ¡por fin chove!



1351404



ISBN 978-84-9782-796-6

9 788497 162796 6

## ¡Que paisaxe!

Teresa Durán

Ilustr.: Montse Ginesta

1ª edición, 24 páxs, rústica

Paco Pérez pinta cada día unha paisaxe. Pero, ¿por que lles pon uns títulos tan estraños aos seus cadros?



1351405



## A granxa de Simón

Enric Lluch

Ilustr.: Mariano Epelbaum

1ª edición, 24 páxs, rústica

9

Na granxa de Simón hai cabalos, galiñas, patos e coello.  
¡Vixiade, coelliños, que vén o can do amo!



1351406



## Dez abellas na laranxeira

Marilar Aleixandre

Ilustr.: Pere Mejan

1ª edición, 24 páxs, rústica

Dez abellas zoan na laranxeira, nove olen o azar, oito  
asubían contos de amor, sete lamben o zume doce...



1351407



ISBN 978-84-9782-799-7

9 788497 162799 7

## Pepe e o seu hámster

Teresa Soler

Ilustr.: Montse Tobella

1ª edición, 24 páxs, rústica

10

Miña nai mercoume un hámster. Corro cara a onde está a gaiola e levo un bo susto: está baleira. ¿Onde se meteu?



1351408



ISBN 978-84-9782-800-0

9 788497 162800 0

## María dorme baixo a manta

Juan Kruz Igerabide

Ilustr.: Roger Olmos

1ª edición, 24 páxs, rústica

Munia vai ter un irmán e foi á casa do seu avó. Na cama, Munia non dorme, un reflexo da lúa parécelle... ¡un ogro!



1351409



## Dame a man

Seve Calleja

Ilustr.: Santy Gutiérrez

1ª edición, 24 páxs, rústica

11

Todo é novo para Emèno: os olores, o idioma. Veu dende África para curarse e coñecer a súa nova familia.



1351410



## O álbum de Jumbo

Care Santos

Ilustr.: Subi

1ª edición, 24 páxs, rústica

Jumbo é un dos avións máis grandes do mundo. Hoxe está a piques de facer o seu primeiro voo e está asustado.



1351411



## Vitorponse a remollo

Pasqual Alapont

Ilustr.: Rosanna Crespo e Quique Soler

1ª edición, 24 páxs, rústica

12

Nas vacacións, vou á casa dos meus avós. O meu avó é increíble. Dime que xa teño idade para muxir unha vaca.



1351412



## Iván, o cabaleiro valente

Carmen Gil

Ilustr.: Bernardette Cuxart

1ª edición, 24 páxs, rústica

Todos os nenos da aula fomos a unha feira medieval. ¿Que fai Iván na torre do castelo?

Andavía



16

1351316



## Andavía

Unha colección para introducir a lectura en letra de imprenta

Maleta con 15 títulos

1ª edición, 24 páxs, rústica, 17,20 x 19 cm

14

Un dos principais obxectivos de Edicións Xerais é facilitar a aprendizaxe da lectura e, sobre todo, fomentar o hábito lector. Para iso conta con coleccións destinadas a espertar o gusto pola lectura nos máis novos.

A colección «Andavía», destinada aos que empezan a ler, ten un dobre nivel de lectura, textual e gráfico, para que os novos lectores adquiren autonomía a través do texto e das ilustracións. Os debuxos, a toda cor, ocupan dúas páxinas e incorporan un texto breve en letra de imprenta.

Os libros teñen un elemento «máxico» entre as súas páxinas: en cada título hai un mesmo personaxe ou obxecto agochado en todas as ilustracións, de xeito que cada libro preséntase aos nenos e nenas coma un xogo para atopalo. Nesta colección participaron autores e ilustradores de prestixio recoñecido, entre os que destacan sete gañadores do Premio Nacional de Literatura que outorga o Ministerio de Cultura: Bernardo Atxaga, Fina Casalderrey, Xabier P. Docampo, Miguel Desclot, Gabriel Janer Manila, Joles Senell e Vicente Muñoz Puelles, ademais dos ilustradores galegos Patricia Castelao, Xosé Cobas e Santy Gutiérrez.



1

**Sara fai preguntas**  
Pasqual Alapont  
Ilustr.:  
Valentí Gubianas

1351301



Sara acaba de ter unha irmá. Todos están moi contentos, pero ela non entende nada. ¿Por onde saíu?



2

**A xente da miña aldea**  
Bernardo Atxaga  
Ilustr.:  
Mikel Valverde

1351302



Algunhas persoas da aldea levan boina para cubrir a cabeza. En cambio, Pedro leva un turbante indio. ¡Que misterio!



3

**Liña non quería ser nena**  
Seve Calleja  
Ilustr.:  
Fernando Llorente

1351303



A tía e os sobriños coidaban a cadelíña Liña coma se fose unha nena. ¡Pero Liña non quere ser unha nena!



4

O meu avó  
é unha gata  
Fina Casalderrey  
Ilustr.:  
Marina Seoane

1351304



O avó de Marciana toleou: fai buratos nas paredes, miña e gatea. ¿Será ese o seu agasallo de aniversario?



5

As minas do rei  
Chang Py Nong  
Miquel Desclot  
Ilustr.:  
Marie Nigot

1351305



Chang Py Nong é famoso polas súas minas de carbón. Cando o negocio empeza ir mal terá que inventar algo novo.



6

A decisión  
de Valerio  
Xabier P. Docampo  
Ilustr.:  
Xosé Cobas

1351306



Valerio está farto de ir andando ao mercado e decide mercar un burro. Isto traeralle novas preocupacións.



7

**A fuxida do mar**  
Agustín Fernández Paz  
Paz  
Ilustr.:  
Enric Solbes

1351307



A Raquel gústalle ir á praia a ver o que traen as ondas.  
Pero un día, ¡o mar desapareceu!



8

**A narradora  
do deserto**  
Antoni Josep Fluixá  
Ilustr.:  
Anna Clarianna

1351308



Amira vive no deserto e encántalle contar historias. Ago-  
ra, por culpa das guerras, xa non queda quen a escoite.



9

**Un fantasma  
en apuros**  
Laura Gallego  
Ilustr.:  
Santy Gutiérrez

1351309



Ao fantasma do Torreón abandonado invitárono a unha  
festa, pero ten a saba moi sucia. ¿Quen lle axudará a la-  
vala?



10

**Nun porto de mar**  
Gabriel Janer Manila  
Ilustr.:  
Eider Eibar

1351310



ISBN 978-84-9782-291-6

9 788497 822916

Berta e Miguel escoitan as ondas nunha caracola de mar.  
¿Que lles contará un zapato que atoparon flotando?

18



11

**¡Que ica!**  
Juan Kruz Igerabide  
Ilustr.:  
Pepe e Marc Brocal

1351311



ISBN 978-84-9782-292-3

9 788497 822923

¿Vistes algunha vez unha nena coa pel de cor laranxa?  
Iso é porque non coñeces á protagonista deste conto.



12

**Un frasco  
de caramelos**  
Enric Lluch  
Ilustr.:  
Patricia Castelao

1351312



ISBN 978-84-9782-293-0

9 788497 822930

Cando a tía lle regala un frasco cheo de caramelos máxicos polo seu aniversario, Carlos pensa que é a mellor tía do mundo.



13

**A sombra de Laura**  
Vicente Muñoz Puelles  
Ilustr.:  
Alberto Pieruz

1351313



A sombra de Laura é moi feliz porque Laura, ao contrario que o resto da xente, quere a moito e a coida.



14

**A bruxa desdentada**  
Joles Senell  
Ilustr.:  
Jokin Mitxelena

1351314



19

A bruxa Testarrota é unha fedella. Un día cae e rompe os dentes. ¿Que fará unha bruxa sen dentes?



15

**Unha estatua  
e dous artistas**  
Patxi Zubizarreta  
Ilustr.:  
Armand

1351315



¿Sabías que as estatuas tamén poden camiñar? Iso é o que fai a protagonista deste conto cando non a ve ningún.



# Sopa de libros

\*DE 4 AÑOS  
EN DIANTE



SOPA DE LIBROS



1

1384201



22

## A Carrapuchiña Vermella

Jacob Grimm; Wilhelm Grimm

Ilutr.: Carmen Segovia

Trad.: Carmen Torres París

1ª edición, 24 páxs, cartóné, 16,5 x 20 cm

Conto

Desta era unha pequena e doce rapariga que non ben un a vía xa quedaba engaiolado, pero sobre todo quería a súa avoa, que xa non sabía que darlle á nena. Un día regaloulle unha carrapuchiña de veludo vermello, e como lle viña moi acaída e non quería levar outra cousa, deron en chamarlle Carrapuchiña Vermella... Carrapuchiña Vermella era unha nena moi boa e obediente. Pero un día, cando levaba unha cesta á súa avoa, o malvado lobo enganouna. ¡Afortunadamente apareceu un leñador! A seguinte vez, Carrapuchiña e a súa avoa xa non necesitaron axuda ningunha...



2

1384202



## A historia dos tres porquiños

Joseph Jacobs

Ilustr.: Xan López Domínguez

Trad.: Carmen Torres París

1ª edición, 24 páxs, cartonné, 16,5 x 20 cm

Conto

23

Había unha vez unha porca vella e os seus tres fillos. Como non tiñan dabondo para vivir, mandounos a facer pola vida polo mundo adiante. O primeiro porquiño bateu cun home que levaba un saco cheo de palla, e díxolle: —Fai favor, arríame acó esa palla para que poida facer unha casa... Había unha vez tres porquiños pero só o irmán máis vello era traballador e asisado. Por iso fixo a súa casa de tixolo. O porquiño non lle tiña medo ó lobo. ¿E logo o lobo ía ser máis listo ca el?



3

1384204



24

## O lobo e os sete cabuxos

Jacob Grimm; Wilhelm Grimm

Ilustr.: Elisa Arguilé

Trad.: Carmen Torres París

1ª edición, 24 páxs, cartonné, 16,5 x 20 cm

Conto

Había unha vez unha cabra vella que tiña sete cabuxos e queríaos como só unha nai pode querer ós seus fillos. Un día quixo ir ó bosque e buscar comida; daquela chamounos ós sete á súa presenza e díxolles: —Meus fillos queridos, teño que saír ó bosque. Veládevos do lobo, que, se entra, vaivos papar ben papados. O malsín del disfrázase adoito, pero coñecerédelo inmediatamente pola súa rouca voz e as súas patas negras. Os cabritos dixeron: —Naiciña querida, teremos coidado; podes marchar tranquila... O lobo disfrázase adoito coa intención de papar os sete cabuxos. Con moi malas artes peitará varias veces na porta da casa para conseguir o seu obxectivo.



4

1384204



## A Bela Dormente

Jacob Grimm; Wilhelm Grimm

Ilustr.: Ana Juan

Trad.: Carmen Torres París

1ª edición, 24 páxs, cartonné, 16,5 x 20 cm

Conto

25

Hai moito tempo había un rei e unha raíña que exclamaban tódolos días: —¡Ai, quen nos dera un fillo! — e non conseguían ter nunca un. Daquela sucedeu que, estando a raíña unha vez no baño, saltou un sapo da auga ó chan e díxolle: —O teu desexo será cumprido. Antes de que pase un ano traerás un fillo ó mundo. O que o sapo dixera cumpríuse, e a raíña deu a luz unha fermosa princesa a quen tódalas fadas concederon os seus mellores favores. Só unha fada envexosa botou sobre ela un terrible conxuro, e a princesa quedou profundamente durmida. ¿Como podería espertar do seu sono?



5

1384205



26

## A princesa e o chícharo

Hans Christian Andersen

Ilustr.: Elena Odriozola

Trad.: Carmen Torres París

1ª edición, 24 páxs, cartonné, 16,5 x 20 cm

Conto

Era unha vez un príncipe que quería casar cunha princesa, pero tería que ser unha princesa de verdade. Así que viaxou por todo o mundo para atopar algunha. Pero sempre xurdía algún problema: princesas había un mundo delas, pero que fosen princesas de verdade non estaba claro de todo; sempre había algo que non acababa de cadrar. Así que volveu para a súa casa preocupado, porque devecía por atopar unha auténtica princesa... Unha noite, no medio dunha forte treboada, chamou unha rapaza ás portas do palacio. ¿Será unha princesa de verdade?



17

1384017



Ficha de lectura

## Unha mancha de bicos

Antonia Rodenas

Ilustr.: Carme Solé Vendrell

Trad.: M<sup>a</sup> Xesús Fernández

2<sup>a</sup> edición, 40 páxs, cartoné, 19,5 x 19,5 cm

Conto

27

Kati ten unha caixiña chea de bicos doces e un gran sorriso. Cando vai para o colexio, sempre leva algún na súa bolsa do almorzo. A súa nai, ó despedírense, sempre lle dá algún máis. Sabe que é moito tempo o que bota na escola. Kati regala os seus bicos ós seus amigos: a César cando chora porque a súa nai se marcha para casa; ó guerreante de Diego... Os bicos de Kati son como palabras máxicas para tódolos seus compañeiros de clase. Tamén a Kati os seus compañeiros danlle bicos cando o necesita. E é que unha mancha de bicos é o mellor para sentirse feliz. *Unha mancha de bicos* é un álbum que aborda os conflitos e as relacións interpersoais entre os máis pequenos nos seus primeiros anos de escolarización. A amizade e os sentimentos son os eixos temáticos deste libro destinado ós picariños de catro anos en diante.



31

1384031



28

## ¿Cal é a miña cor?

Antoine Guilloppé

Ilustr.: Géraldine Alibeau

Trad.: Anaír Rodríguez

2ª edición, 40 páxs, cartonné, 19,5 x 19,5 cm

Conto

Pregúntome cál é a miña cor. Algúns galegos din que son un neno árabe e para os árabes son galego. ¿Será que a cor da miña pel o di todo? ¡Eu coido que non! Hai galegos negros, brancos, amarelos coma min.

Un álbum ilustrado para os primeiros lectores que aborda a complexa cuestión da definición da identidade cultural dos nenos e nenas inmigrantes no entorno das sociedades de acollida. Unha proposta novidosa para promover a súa integración e remover moitos dos prexuízos existentes sobre a cuestión da inmigración.



12

1384212



## Negros e brancos

David McKee

Ilustr.: David McKee

Trad.: Montserrat Paz

1ª edición, 40 páxs, cartoné, 20 x 20 cm

Conto

29

Hai moito tempo, todos os elefantes do mundo eran negros ou brancos. Amaban a todos os animais, mais eles odiábanse, e cada un mantíñase ao seu lado da selva. Un álbum ilustrado para os primeiros lectores que aborda o tema das guerras.



13

1384213



ISBN 978-84-9782-708-9

9 788497 827089

30

## Un barquiño coma min

Thomas Docherty

Ilustr.: Thomas Docherty

Trad.: M<sup>a</sup> Dolores Torres París

1<sup>a</sup> edición, 40 páxs, cartoné, 20 x 20 cm

Conto

O océano é moi grande e está cheo de perigos. Hai correntes, remuíños, furacáns, monstros mariños... pero nada diso mete medo ao valente barquiño que viaxa polos mares sen fin.

# Sopa de libros

\*DE 6 ANOS  
EN DIANTE



---

SOPA DE LIBROS



5

1384005



## Óscar e o león de correos

Vicente Muñoz Puelles

Ilustr.: Noemí Villamuza

Trad.: Dolores Martínez Torres

1ª edición, 60 páxs, rústica, 13 x 20 cm

PREMIO NACIONAL DE LITERATURA INFANTIL, 1999

Conto

Ficha de lectura

32

O león de correos ten unha mirada feroz e moita fame, se cadra porque só come cartas. Polo menos, iso é o que pensa Óscar, un neno de seis anos que, cada vez que ten que enviar a correspondencia dos seus pais, trata de acalmar a suposta furia do animal botándolle caramelos... ata que un bo día descobre un gran segredo que lle axudará a superar o seu medo.



21

1384021



Ficha de lectura

## Ó outro lado do sombreiro

Carles Cano

Ilustr.: Paco Giménez

Trad.: Dolores Torres París

1ª edición, 64 páxs, rústica, 13 x 20 cm

Novela

33

Jaume Mirón sempre sentiu curiosidade polo lugar onde os magos agochan eses coellos que sacan rabexando dos seus sombreiros. ¿Cómo o farán? ¿Por que non dan un chíó cando os sacan polas orellas? ¿Nunca escapou ningún coello? ¿E logo por que son todos brancos? Unha chea de preguntas amoreábanselle na cabeza, polo que Jaume Mirón decidiu saber a verdade. Para conseguilo fíxose pasar por presidente dunha Asociación de Defensa dos Coellos de Sombreiro, e consegue chegar a ese misterioso lugar onde os magos gardan o seu maior segredo. *Ó outro lado do sombreiro*, escrita orixinalmente en catalán por Carles Cano está organizada en vinteseite capítulos, tantos como letras hai no abecedario. Neste libro de aroma inequivocamente carrolliano, Carles Cano propón ós lectores que xoguen coa fantasía e coa maxia das palabras; que estean dispostos a disparar a súa imaxinación e deixarse sorprender por estes coellos secretos que se agochan ó outro lado do sombreiro, da imaxinación e da fantasía, en definitiva.



23

1384023



34

## Os tres amigos

Helme Heine

Ilustr.: Helme Heine

Trad.: María Reimóndez

1ª edición, 72 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Contos

Ficha de lectura

No mundo hai moitas granxas, pero ningunha é como Mulebap. Mulebap é grande, tan grande que nela hai lugar para todos. Mulebap é pequena, tan pequena que mesmo ata nos corazóns máis pequenos atopa lugar. Mulebap non lle pertence a ninguén, igual que o sol e o aire non lle pertencen a ninguén. Mulebap pertence a cadaquén, igual que o mundo nos pertence a todos. Mulebap é a granxa onde transcorren as historias de tres amigos inseparables que van xuntos a todas partes: Paquiño o galo, Xan o rato, e Bartolo o porquiño gordecho. *Os tres amigos* recolle dúas das máis coñecidas historias escritas e debuxadas polo alemán Helme Heine, as tituladas «Tres amigos» e «O espertador». Dúas pequenas historias que fan un grande libro sobre a amizade, sobre a posibilidade de convivir, de comprender ó outro sendo diferente, sobre ese sentimento que a todos nos fai máis humanos.



26

1384026



Ficha de lectura

## O coche de carreiras

Helme Heine

Ilustr.: Helme Heine

Trad.: María Reimóndez


1ª edición, 72 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Contos

35

Paquiño o galo, Xan o rato e Bartolo o gordecho sempre están dispostos a divertirse en Mulebap: montando en bicicleta, baixo unha ferverza ou descubriendo tesouros no vertedoiro. E aínda que un coche de carreiras é un tesouro fantástico, para estes tres amigos non hai nada mellor que estaren xuntos e compartiren os seus xogos e aventuras cun novo amigo.

*O coche de carreiras* recolle dúas novas das máis coñecidas historias escritas e debuxadas polo alemán Helme Heine, as tituladas «O coche de carreiras» e «A visita». Dúas divertidas historias dos habitantes da granxa Mulebap, unha granxa tan grande que nela hai lugar para todos: pero unha granxa, á vez, tan pequena que ata nos corazóns máis pequenos atopa lugar. Mulebap non lle pertence a ninguén igual que o sol e o aire non lle pertencen a ninguén. Mulebap pertence a calquera igual que o mundo nos pertence a todos.



30

1384030



ISBN 978-84-9782-313-5

9 778849 71823135

## Morris Milpés

Mick Fitzmaurice

Ilustr.: Satoshi Kitamura

Trad.: Liliana Valado Fernández

1ª edición, 64 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Conto

Ficha de lectura

36

O soño de Morris Milpés é converterse en bailarín de ballet, pero a súa familia, que vive en Coles de Bruxelas nunha casa feita de follas de cabaza, rise del. Como demo vai poder bailar un milpés? Non obstante, Morris aspira a ser o primeiro milpés que forme parella de baile coa dama Arácnida Arañeira a famosa bailarina de ballet, razón pola que cando os seus outros amigos e irmáns saían xogar, quedaba na casa a bailar co reflexo del no espello como parella. Grazas a axuda do Escornabois, Morris porfiará e porfiará na súa teima. Farase realidade o seu soño? *Morris Milpés* é un conto de Mick Fitzmaurice e ilustrado polo xaponés Satoshi Kitamura, cheo de ironía, sobre a condición do diferente que confronta os seus soños, decisións e desexos coa opinión dos demais. Un dilema do que o protagonista sairá adiante coa axuda do humor e do seu propio esforzo de superación.



34

1384034



Ficha de lectura

## A aventura sorprendente dun homiño moi valente

Hans Traxter

Ilustr.: Hans Traxter

Trad.: Fran Alonso

1ª edición, 80 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Conto

37

*A aventura sorprendente dun homiño moi valente* é un libro moi especial. Ten un ritmo fascinante, que fai as delicias dos lectores, e resulta tan tolo e disparatado que nos fai rir continuamente. Ademais, é un libro ideado desde unha gran imaxinación, que ás veces bota man das cousas máis absurdas para sorprendernos e divertirnos. E conségueo completamente. Trátase dun libro que vai gustar moito aos nenos e nenas. Non só pola orixinalidade desbocada da historia senón tamén polas súas rimas, por veces sen sentido, que enchen o libro de ritmo e de musicalidade e facilitan a súa oralidade. Ademais, as ilustracións tamén resultan moi simpáticas, provocándonos a risa coas súas tolerías e os seus absurdos que, con todo, dentro do libro semellan a cousa máis lóxica do mundo. Tamén é un libro estupendo para contar. E tanto pode ser ser contando nunha aula como nunha sesión de contos, porque é dos que enganchan o auditorio. Ás veces, as lecturas compartidas son aínda máis divertidas porque as risas se contaxian. Pero, logo, cada unha das nenas e dos nenos que o escoite quererá lelo de novo na súa casa, para volver a gozar das aventuras do homiño valente.



35

1384035



## Ningún bico para mamá

Toni Ungerer

Ilustr.: Toni Ungerer

Trad.: Patricia Buján Otero

1ª edición, 64 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Conto

Ficha de lectura

38

Toni odia que lle dean bicos, e que o esperten cun bico mentres está en pleno soño é, sen dúbida, a maior crueldade que lle poden facer. A Toni Pouta non lle gustan os bicos, mais mamá Pouta non o entende. Ela trátao coma se fose un bebé e Toni non o atura, pois el é o gato máis fedello da súa clase, a quen máis lle gustan as bromas pesadas e quen nunca rexeita unha liorta. Mais un día todo cambia e, aínda que non haberá un bico para mamá, si obterá algo moito máis importante.

# Sopa de libros

\*DE 8 AÑOS  
EN DIANTE



---

SOPA DE LIBROS



9

1384009



ISBN 978-84-9782-744-7

## Os negocios do señor don Gato Contos e rimas felinas

Gianni Rodari

Trad.: Silvia Gaspar

Ilustr.: Montse Ginesta

1ª edición, 88 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

40

¿Pode haber algo máis suculento ca un rato en lata? É o que o señor Gato pretende vender na súa flamante tenda de alimentación. Para iso conta cunha caixeira e mais un axudante moi eficaces. A publicidade funciona e a lista de encargas dos clientes medra por momentos... un excelente negocio, segundo o seu dono. Pero, claro, os ratos non serán do mesmo parecer.



13

1384013



ISBN 978-84-8302-749-3

Ficha de lectura

## No corazón do bosque

Agustín Fernández Paz

Ilustr.: Miguelanxo Prado

8ª edición, 144 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

41

Raquel, unha nena de dez anos, e os seus compañeiros de clase foron de excursión en autobús ós bosques do río Eume. Alí pasaron un día marabillioso. Explorando as ruínas dun mosteiro abandonado, e adentrándose no bosque para coller castañas e levalas a casa. Cando regresou, Raquel contoulles ós seus pais as aventuras, e foise agotada para a cama. Entón escoitou uns ruídos que procedían da súa mochila, descubriendo que alí había un homiño diminuto. Un trasno chamado Derdrín, que se agochara para pasar o inverno cos homes, pois tódolos seus compañeiros desapareceran. Raquel deulle de comer e agochouno entre os seus monecos, para que ninguén o descubrise. Derdrín é un trasno invisible ou case invisible para as persoas adultas, pero non para os nenos pequenos e os animais. Derdrín ten 300 anos de idade. É moi valente e decidiu salvar ós seus procurando axuda entre os humanos. Tódolos días, ó deitarse, Raquel contaralle ó trasno as súas aventuras, ata facérense moi bos amigos.



19

1384019



9 7788483027677

## As cousas de Berta

Roger Collinson

Ilustr.: Antonia Santolaya

Trad.: María Reimóndez

1ª edición, 136 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

Ficha de lectura

42

A Berta ocórrenlle as cousas máis increíbles. O caso é que pertence a unha familia normal, vai ó colexio, celebra o Nadal, gústalle o chocolate, cáelle o primeiro dente... coma a calquera nena da súa idade. Sen embargo, hai algo nela que fai que todo sexa máis complicado, pero tamén máis divertido. A Berta non lle importaban un carrizo as aparencias. ¿Que importancia tiña para ela estar guapa comparado coas lambetadas que podería comprar co que lle deixaría o rato Pérez? Se no mundo había unha cousa que Berta non podía soportar era non saber algo, e iso, moitas veces, vaille traer consecuencias imprevistas para ela. Berta era unha grande amante das regras sempre e cando se aplicasen a outras persoas, nunca sentía que se referisen a ela, e iso era outro problema ó que tiña que facer fronte coas súas mañas. Berta odiaba estar en segundo plano: se xogaba ás médicas, ela tiña que ser sempre a médica e abrir a Lucía pola metade, e se xogaban a meigas e fadas, ela tiña que ser a meiga, porque era moito máis divertido ser malísima que sempre tan boa.



25

1384025



Ficha de lectura

## Orión e os animais magos

Joan Manuel Gisbert

Ilustr.: Francisco Solé

Trad.: Carmen Torres París

2ª edición, 136 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

43

Orión nunca se separa do seu dono Isidro, un músico ambulante que tocaba o acordeón na praza da torre do reloxo. Orión era un can pequeneiro, de cor castaña clara e raza indefinida, un can de palleiro de mirada moi amigable. Un día malfadado, cando Isidro estaba tocando unha das súas pezas máis ledas, fallou unha nota e os seus brazos estricáronse de maneira extraña. O vello acordeonista quedou estomballado no chan e tivo que ser internado nun hospital. Orión viuse obrigado a fuxir da cidade, cruzando por pasos subterráneos e pontes por riba das autovías, para non acabar encerrado na canceira. Na fraga, atopará unha misteriosa caixa con gravados chineses nunha cova, e comprobará que os animais que alí viven senten tamén moita curiosidade por saber qué contén. Ningún deles é quen de imaxinar as cousas tan abraiantes que empezarán a ocorrer na fraga... *Orión e os animais magos* do catalán Joan Manuel Gisbert é unha novela protagonizada por personaxes animais que falan con palabras humanas e protagonizan escenas intensas e emocionantes.



37

1343037



## Andanzas de Xan Farrapeiro

Ramón Caride

Ilustr.: Marisa Irimia

1ª edición, 96 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

44

Hai moitos, moitos anos, vivía nunha aldea da montaña un home moi pobre, moi pobre, tan pobre que non tiña nada, nin eidos, nin casa, nin sequera roupa, vestíase con farrapos, por iso lle chamaban Xan Farrapeiro. Pero a historia de Xan non é unha historia triste, trabucariámonos se pensásemos iso; Xan era pobre pero alegre, animoso e valente e ben espelido, por iso as cousas cambiaron para el un día que estaba a procurar guizos e apañar piñas no monte e atopou a dona dos penedos, unha moza fermosa de pel alba como o leite, que levaba un vestido ricamente bordado. *Andanzas de Xan Farrapeiro* é a reinvención que Ramón Caride realiza dun conto maravilloso ben coñecido, aquela historia dun Xanciño pobre que se facía pobre por arte de maxia e logo o esquecera todo. As ilustracións de Marisa Irimia axudan a brotar as cores dunha historia de noites escuras, altos penedos e paisaxes de verde intensidade.

# Sopa de libros

\*DE 10 ANOS  
EN DIANTE



---

SOPA DE LIBROS



6

1384006



## Ás de mosca para Anxo

Fina Casalderrey

Ilustr.: Manuel Uhía

5ª edición, 144 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

Ficha de lectura

46

¿Chegará algún día no que poida existir unha convivencia feliz e pacífica entre tódolos seres humanos máis alá das diferencias de ideas ou capacidades? Estrela, unha nova alumna do derradeiro curso de primaria –que recibe clases de apoio e que produce certas incomodidades na aula debido ó coidado especial que require– demostrará a tódolos seus compañeiros e compañeiras de colexio, á súa familia e a todo o resto do mundo que o máis importante que hai é ter un gran corazón.

*Ás de mosca para Anxo* é un alegato a favor da integración e o valor da diferenza.



8

1384008



ISBN 978-84-8302-919-0

9 788483 029190

Ficha de lectura

## O chápiro verde

Marilar Aleixandre

Ilustr.: Lázaro Enríquez

1ª edición, 160 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

47

¿Pódese vivir sen soños? O malvado Devorador de Soños non vai poder seguir facendo falcatuadas porque, gracias á axuda do chápiro verde, Fa, unha rapaza imaxinativa e valente, consegue chegar ata o máis recóndito do bosque e liberar o lagarto de dous rabos...

E todo empezou un día en que a avoa estreou unha ti-xola nova, queimándoselle as chulas de arroz e mencionou o estraño trasguiño.



22

1384022



48

## A góndola fantasma

Gianni Rodari

Ilustr.: Federico Delicado

Trad.: Silvia Gaspar

1ª edición, 128 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

Ficha de lectura

Gianni Rodari escribiu esta obra hai cincuenta anos. Unha novela que constitúe unha grande homenaxe á «Comedia da Arte» e ós seus personaxes característicos os amos e os criados ou bufóns. Bufóns, pobres de todo, pero a cal máis pícaro, entre os que destacan: Arlequín, que vendería os calzóns feitos de distintos farrapos de macarróns, o máis raseiro dos bufóns; Polichinela, o napolitano que ten máis de ladroeiro ca de criado, que loce unha xoroba diante e outra detrás; Colombina, a máis simpática e presumida do grupo, que sempre vai ó seu e coquetea con calquera con tal de conseguir o que quere. Entre os amos, que manxonean moito e perden sempre, figuran personaxes como Pantalón, o vello avarento de Venecia, moi agarrado e de longuíssima capa negra; o Doutor, o médico que non sabe de medicina; ou o medoso Capitán. Nesta divertidísima novela de Rodari, unha gondola fantasma, que navega sen gondoleiro polas canles venecianas, provoca secuestros, enganos, persecucións e abordaxes entre piratas, mercadores e personaxes da Comedia da Arte; todos buscan o fillo do Califa de Bagdad. ¿Quen viaxará nesa góndola misteriosa?



24

1384024



ISBN: 978-84-8302-216-0

9 788483 022160

Ficha de lectura

## Mago por correspondencia

Joles Senell

Ilustr.: Xan López Domínguez

Trad.: Laura Sáez Fernández

1ª edición, 104 páxs, rústica, 13 x 21 cm

Novela

49

